



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE XULLO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e tres de xullo de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27/06/2013).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e sete de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, do orzamento municipal do exercicio 2013.

Dáse conta do proxecto de Orzamento Municipal formado polo Sr. Alcalde-Presidente para o exercicio económico 2013, que ascende, no seu Estado de Gastos á cantidade de TRES MILLÓNS SETECENTOS OITENTA E TRES MIL OITOCENTOS NOVENTA (3.783.890,00) EUROS e no Estado de Ingresos á cantidade de TRES MILLÓNS OITOCENTOS TRINTA E NOVE MIL (3.839.000,00) EUROS, que compensa o remanente líquido de tesourería negativo de CINCUENTA E CINCO MIL CENTO NOVE EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (55.109,51 €) co que se liquidou o exercicio 2012, quedando cumprida, polo tanto, a esixencia que expresamente sinala o núm. 3 do artigo 193 do referido Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; por conseguinte, o citado proxecto cumpre o principio de estabilidade presupostaria esixido polo artigo 165 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta, así mesmo, do expediente instruído para a aprobación, no seu caso, do citado Orzamento. Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos sinalados pola Lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166, 168 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e do R.D. 500/1990 de 20 de abril, e visto o informe favorable emitido pola Intervención, propónse:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio 2013, por unha contía que quedou fixada no seu Estado de Gastos na cantidade de TRES MILLÓNS SETECENTOS OITENTA E TRES MIL OITOCENTOS NOVENTA (3.783.890,00) EUROS e no Estado de Ingresos á cantidade de TRES MILLÓNS OITOCENTOS TRINTA E NOVE MIL (3.839.000,00) EUROS, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	A.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.174.150
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.524.350
3	Gastos financeiros	40.974
4	Transferencias correntes	52.000
	A.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	698.500
7	Transferencias de capital	1.000
	B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	12.000
9	Pasivos financeiros	280.916
	SUMA TOTAL DE GASTOS	3.783.890

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	A.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	1.008.000
2	Impostos indirectos	45.000
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	338.000
4	Transferencias correntes	1.767.000
5	Ingresos patrimoniais	0
	A.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Alienación de investimentos reais	0
7	Transferencias de capital	457.000
	B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	12.000
9	Pasivos financeiros	212.000
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	3.839.000



2º.- Aprobar igualmente as bases de execución do mencionado orzamento.

3º.- Así mesmo, aprobar o cadro de persoal funcionario e laboral que figura no correspondente anexo.

4º.- Que se expoña ao público por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5º.- Que, no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; e, noutro caso, que se proceda co previsto no núm. 1 deste último artigo.

6º.- Que, de conformidade co núm. 4 do mesmo artigo, se remita copia do referido Orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

A Presidencia expón que estes orzamentos xa se debateron cos técnicos municipais en dúas comisións, e que se pode dicir que se trata duns orzamentos de continuidade e fundamentalmente elaborados baixo uns criterios de realidade e de prudencia, posto que tanto nos gastos coma nos ingresos valorouse a realidade dos mesmos, saber cales eran os gastos e cales eran os ingresos e partir de aí a marxe da manobra cada vez é menor e máximo agora nestes momentos coas obrigas que chegan dende Madrid.

Di que en calquera caso a prioridade do equipo de goberno segue a ser manter os servizos, tendo en conta o actual contexto de crise económica, e sanear as contas do concello, eliminar completamente o remanente líquido de tesourería negativo, que é de 55.000 euros e baixar a débeda dos bancos arredor de 70.000 euros menos, por iso falando dos ingresos que ascenden a 3.839.000 euros, aplicando o criterio de realidade e prudencia, e tendo en conta a experiencia do ano 2012, demóstrase que son prudentes neste aspecto; e nos gastos que son de 3.783.890 euros, facendo referencia á tendencia a que queren ir, o certo é que aínda non son os orzamentos que lles gustaría que reflectisen exactamente cales son todas as súas ideas, pero as circunstancias económicas impídeno, pero si que van mellorando en certos termos relativos, como por exemplo en gastos de persoal que representan un 31%, cando no pasado exercicio estaban nun 34%, logrando polo tanto baixar uns 2-3 puntos na porcentaxe destinada a este tipo de gastos, e en gastos correntes e servizos pasan dun 42% a un 40%, se ben é certo que en termos nominativos é un pouco máis que ten a súa explicación no incremento do IVE e no incremento do custo do servizos, que fan que as medidas de aforro non cheguen para absorber eses incrementos, pero no ámbito porcentual a nivel de reparto dos gastos se baixamos 2 puntos, e en contrapartida e como pequena boa nova en investimentos reais estaban no 2012 presupostados nun 14% e agora neste incrementábase ata o 18,5%, sinalando que hai que seguir a traballar para seguir axustando nos gastos de bens e servizos para ter posibilidades de seguir incrementando a capacidade de investimentos reais do concello.

Sinala tamén que hai que seguir buscando a máxima eficiencia na xestión dos servizos, nalgún caso cunha redución de custos importante, que se verá nos vindeiros exercicios, como por exemplo na iluminación pública co plan de apagado de farois, posto que aínda que a factura non se baixou moito polo incremento continuo das tarifas



e do IVE, si se deixou de pagar un 14-15% máis que se aforra en quilovatios, e que en calquera caso se trata dun tema que hai que afrontar, tendo as mans tendidas a todos os grupos, posto que agora xa non só é o alumeadado público, senón dos consumibles nas distintas dependencias, colexio, centros culturais, deportivos, ..etc , posto que é un dos temas que hai que axustar coa cooperación de todos os veciños e o equipo de goberno e o pleno municipal.

Ademais indica que se manteñen todas as axudas a asociacións, institucións, actos culturais, musicais, deportivos, ..etc, o que é un importante esforzo nestes momentos, ao igual que o están a facer os interesados para manter as actividades socio-culturais, educativas, deportivas,...etc, e se blindan os servizos sociais nun contexto no que cada vez as axudas son menores, pero para o seu grupo é fundamental, e aínda que haxa partidas como as axudas de emerxencia social que figuran cun importe comprométese a deixalas abertas e facer as modificacións que fagan falta para prestar axuda a calquera persoa que o necesite sacando doutros temas que non son prioritarios.

Expón tamén que hai que seguir entre todos intentando baixar os custos de servizos concretos, como é a recollida de lixo e o abastecemento e saneamento, que son temas que na próxima semana terán que sentarse para estudar e se ben nos orzamentos quedan por prudencia elevados, está convencido que ao final do ano o importe vai ser inferior.

Polo que respecta ao pasivo financeiro é certo que existen unhas operacións de refinanciamento e unhas operacións de endebedamento, pero tamén existen fortes amortizacións, co cal ao final no cómputo de solicitudes e amortizacións estaremos ao final do ano cunha redución nos bancos entorno aos 70.000 euros, unha cifra inferior á inicialmente prevista, pero a circunstancia de querer manter os servizos, as axudas e poder investir un pouco lévannos a intentar retrasar un pouco máis no tempo ese esforzo de ir baixando a débeda bancaria, e que en calquera caso o obxectivo do seu grupo é no horizonte do 2015 que a débeda se sitúe por debaixo dos 600.000 euros, e sen déficit ningún, co que o esforzo realizado durante os catro anos sería moi importante para garantir a sostibilidade do concello, en definitiva di que a previsión de gastos é rematar neste exercicio cun remanente líquido de tesourería positiva, é dicir, enxugar ese déficit de 55.000 euros e no endebedamento estaremos entorno ao 24%, que é inferior aos catro últimos exercicios, mantendo os servizos neste contexto de profunda crise económica e intentando facer pequenos investimentos nas distintas parroquias.

No capítulo de investimentos sinala que se incrementan os investimentos nesas 4,5 puntos (18,5%), en tanto en termos relativos coma en termos nominativos, prevense 700.000 euros de investimentos, pero hai que seguir traballando para seguir mellorando estas cifras, e sendo optimistas cre que no que resta de exercicio non grandes investimentos pero si chegará algunha máis con outra administración neste concello.

Por último di que lle gustaría, senón co apoio, contar coa abstención dos demais grupos para sacar os orzamentos adiante e seguir axustando co tempo os gastos.

O Sr. Cobas do PSdG-PSOE anuncia que a súa intervención vai constar de dúas partes, unha delas crítica porque di que son uns orzamentos de continuidade, pero para el trátase duns orzamentos planos, sen altibaixos, non hai unha cuestión que os motive a votar a favor nin en contra, xa que despois de esperar 7 meses para aprobar os orzamentos, o grupo socialista esperaba un aceno das administracións amigas, ben da autonómica ou da provincial, como lles pasou a eles cando gobernaron, que esperaban consensuar con outras administracións proxectos que levaban e plasmaban nos orzamentos, pero agora nestes non existe ningún aceno.



Di que os orzamentos nunca poden ser administrativos, como estes feitos por un administrativo que recollen gastos e ingresos, senón políticos porque cando se leva un programa político en catro anos ten que levarse a cabo polo menos parte del, e aquí non se reflicte, nin no pasado exercicio nin neste, que existe esa vontade política, polo que loxicamente esperar a xullo para aprobar unhas contas non lle parece lóxico, indicándolle ao Sr. Alcalde que tome exemplo deles, que cando visita Vedra algún responsable político sempre viña cun pan debaixo do brazo e agora veñen moitos pero sen pan, e que é competencia do equipo de goberno facerlle ver ás outras administracións que Vedra existe, que necesitamos diñeiro, e que non vale que estamos en crise porque outros concellos si os levan, e esixirlle que invistan en Vedra e que paguen puntualmente as subvencións para que o concello non teña problemas de liquidez.

Sinala que o seu grupo ten propostas e que podía dicirlle ao equipo de goberno que retirase os orzamentos para aprobar máis tarde pero que lles dá igual que fagan isto ou que o Alcalde se comprometa a revisalos e facer cambios, rebaixando gastos como pode ser a minuta do avogado, proxectos. En cultura comprométese a revisar as subvencións nestes momentos porque como veña un inverno como o do pasado exercicio imos ter un problema de infraestruturas nas pistas municipais enorme, por iso sacando un pouco de alí e outro de acolá necesitábase dispor dun importe de 100-150.000 euros para destinalos a ese fin. No tema do lixo pasamos de formar parte dun grupiño de concellos que facían un reciclado máis ou menos, a ser un concello que non fai reciclaxe, e é importante retomar este tema para revisar este tipo de gastos, polo que se toma en conta este tipo de consideracións e así dá a súa palabra de que durante esta lexislatura as levará adiante, o seu grupo absterase na votación, senón votarán en contra dos orzamentos.

O Sr. Pose do BNG di que non vai apoialos por unha razón básica, que non ten sentido estar todos aquí sentados cando os orzamentos do concello, que é un os temas máis importantes, que se xestionan á volta dun ano, se fagan polos técnicos, porque ser Alcalde supón ter valentía, creatividade, e outros. Sinala que non vai facer un debate do estado do concello, como dixo o voceiro de TEGA nos pasados orzamentos, pero menciona determinados aspectos dos mesmos, coma a estrutura Wifi, a remodelación do PXOM, os centros de día, sistemas de depuración, orzamentos de gastos e social, ..etc, existindo, ao seu entender, unha auténtica aberración nos mesmos como é a compra do terreo dunha parcela para aparcas os coches un par de días ao ano, recordándolle que a modificación do PXOM custaría entre 60.000-70.000 euros, e que consultado cun urbanista, que formou parte do relatorio da LOUGA, lle informou que a modificación que se fixo sobre da LOUGA é para permitir calquera tipo de modificación, e que incluso se podería eliminar o posto de arquitecto, posto que xa está redactado o plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla, e tamén temos no cadro de persoal unha apareladora ademais dun administrativo, o que lle parece excesivo para un concello de 5000 habitantes.

Expón tamén que sobre do tema da recollida de lixo, hai que ir pensando en cambiar de política, como repetiu en moitísimas ocasións, e que así non se poden aprobar os orzamentos nin pedir a súa colaboración porque sería ceder as súas responsabilidades que adquiriu cando resultou electo.

O Sr. Alvela de TEGA expón que existen distintas formas de velos, distintas propostas e cada grupo posiblemente articulase o proxecto dos mesmos de distinta



forma, e que neste caso se presenta un proxecto de orzamento, algo tardío, pero que suspostamente se gaña en precisión na concreción de gastos e ingresos, que seguramente se poida axustar o máis posible á realidade, pois medio exercicio xa está consumido.

Di tamén que dende o grupo Socialista e o BNG se fixeron apuntes interesantes, e que el sempre di que os orzamentos cando están elaborados como este, seguindo a “folla de ruta” daquel plan de axuste elaborado para remitir ao goberno central, dado que esixen un control sobre dos gastos e do déficit, dalgunha forma teñen sentido estes presupostos técnicos que mencionan os grupos da oposición, porque intentar endereitar as contas de forma que se poida ir eliminando déficit e esa débeda que nos vai lastrando, aínda que perdamos en investimentos.

Sinala que efectivamente se poden eliminar máis gastos, pero que se trata dunha decisión que ten que tomar o equipo de goberno, sobre todo en gastos correntes e de persoal, pero que no tema de persoal é unha decisión complicada nestes momentos, e en gastos de iluminación, e outros terá que existir máis control.

Manifesta que se vai abster á marxe de que poidan considerar algunhas cuestións que se formularon aquí, tendo en conta que están feitos para dar unha estabilidade cara ao futuro.

Por último e en relación co exposto polo voceiro do BNG sobre da compra da parcela de San Miguel, di que é un tema que coñece en profundidade, e que vai máis alá da compra dun terreo para aparcar os coches, porque veciños da parroquia voluntariamente cambiaron os terreos por outros para dispoñer desa parcela ao carón da casa de cultura, e por distintas causas, con fallos tremendos polo medio, acabaron nas mans dun particular, por iso considera de xustiza que a mesma recaia nese fin, e agora que saíu a sentenza que favorece a adquisición da mesma a través da expropiación debe levarse a cabo.

A Presidencia sinala que en canto ao exposto polo PSdG-PSOE, que é certo que eles gobernaron noutro contexto económico, pero cando eles comezaron aquí ese déficit de 500.000 euros era un lastre importante, que se se suma aos peores anos de crise económica e ás imposicións técnicas que veñen dende a administración central a capacidade de manobra que ten o equipo de goberno non é moi grande; pero en calquera caso o obxectivo fundamental para eles era poder facer sostible este concello, que se está a conseguir, e poder recobrar, a medida que se recupere a crise, a capacidade de investimento.

Di que é certo tamén que o labor del é esixir doutras administracións, sobre todo no tema de subvencións, posto que o concello ten que adiantar o diñeiro para levar a cabo os investimentos, o que está a provocar problemas de tesourería, e contra disto hai que loitar, aproveitando para agradecer a paciencia dos veciños e o esforzo dos traballadores neste aspecto para que se note o menos posible.

Polo que respecta aos grandes investimentos di que se xestionan, se solicitan e están comprometidos, esperando visualizalos pronto, pero é certo que non se ven reflectidos nos nosos orzamentos, como acontece coa obra da estrada de San Xián, que é da Deputación, ou coa estación depuradora de Neira de Abaixo, que está financiada no cento por cento por Augas de Galicia, pero o seu labor é que os investimentos se fagan o máis axiña posible, e ese traballo estase a facer, tendo en conta que os momentos, ás veces dificultan que esa chegada teñan que ir aos poucos, sinalando que cunha probabilidade do 90% antes de que remate o ano se poderán anunciar outros pequenos investimentos que ían no seu programa electoral.



Expón tamén que en calquera caso dálle a súa palabra de que o que puxo sobre da mesa, como lixo, auga e sumidoiros e outros vanse a falar, coincide en que no tema do lixo hai que darlle unha volta, comezando nestes días cunha campaña de concienciación, sendo o que máis lle preocupa o tema de gastos en auga e a rede de sumidoiros cunhas cifras moi importantes, e sobre dos que haberá que tomar decisións entre todos.

En canto ao servizo do avogado, di que nesta lexislatura xa se recortou pero nestes momentos segue a ser necesario, máis adiante xa se verá e noutros temas como cultura, non se nega a estudalo nos seguintes meses aínda que teñan posturas políticas distintas, e polo que respecta ás subvencións non está de acordo, pero si en que ao mellor hai que facer unha boa didáctica, e isto é responsabilidade de todos.

Polo tanto di que o seu compromiso nestes temas é falalo, aínda que se chegue ou non a acordos, que entre todos se tomarán as mellores decisións, comezando pola máis importante, que é auga e sumidoiros.

Ao exposto polo voceiro do BNG, expón que os orzamentos son técnicos porque nestes momentos o prioritario é saír adiante, sen esquecer os obxectivos políticos, por iso se presentan cun programa electoral, sinalando que con respecto á modificación do PXOM cre que non están en posturas moi distintas e espera contar coa súa colaboración, pero que hai que buscar outras maneiras para chegar ao mesmo obxectivo e que neste exercicio se tomarán unha serie de decisións.

Sobre da finca de San Miguel de Sarandón, di que non a considera como aparcadoiro, senón como zona deportiva tal e como figura no PXOM e hai que destinalo a ese fin.

Por último e en canto ao exposto por TEGA expón que coincide con el en que hai que seguir traballando para diminuír esa porcentaxe de gastos correntes e servizos que está agora nun 40% e baixalo, e a verdade é que o equipo de goberno ten que tomar decisións pero do debate de todas as forzas pódese chegar a consensos importantes neste aspecto.

Intervén de novo o Sr. Cobas e di que o seu grupo vai absterse na votación dándolle un voto de confianza ao equipo de goberno, esperando que o exposto aquí polo Sr. Alcalde o leve adiante, ese compromiso de revisar un pouco determinados temas e unificar criterios porque pode pasarlle factura a todos.

Pola súa banda o Sr. Pose confirma o voto en contra do BNG, e por alusións di que efectivamente teñen razón no tema da finca de San Miguel, o problema é a lexitimidade diso nestes momentos de crise económica; que non existía dende hai máis de cen anos, con veciños con problemas terribles, eses 60.000 euros podíanse destinar a outros fins, como por exemplo en non incrementar a taxa do lixo, as taxas aos maiores, e ademais que os veciños poden dicir que porque se fai nese caso e non nas demais parroquias.

Por último intervén o Sr. Alvela e di que non coincide para nada co BNG neste punto por descoñecemento total de como se desenvolveron estes actos, polo que non vai insistir máis neste tema, indicando que os orzamentos teñen que dar estabilidade e mellorar na medida do posible o que hai, que el sempre insistiu na contención do gasto e que o tempo lle deu a razón.



O pleno con seis votos a favor do PP, seis abstencións do PSdG-PSOE e TEGA e un voto en contra do BNG acorda aprobar a citada proposta.

3º.- Acordo, se procede, sobre refinanciamento de varias operacións de créditos a longo prazo.

En función do establecido na disposición adicional septuaxésima terceira da Lei 17/2012, do 27 de decembro de presupostos xerais do estado para 2013 propónse o refinanciamento das seguintes operacións de crédito no 3º trimestre do 2013:

-Préstamo BBVA cun saldo vivo de 63.000,00 euros e vencemento a 31/12/2014.

-Préstamo ICO do BBVA do ano 2011 cun saldo vivo de 65.983,21 euros e vencemento 13/10/2014.

-Préstamo ICO do Banco Popular de 2011 cun saldo vivo de 43.931,90 euros e vencemento 13/10/2014.

A proposta sería amortizar os préstamos ICO, que non se poden refinar, con cargo a unha nova operación por importe de 172.000 euros a cinco anos, cunha amortización a partir de 01/01/2014, e concertar unha operación de crédito a curto prazo por un importe de 40.000 euros a un ano con amortización do 01/01/2014 ao 31/12/2014, para enxugar parte do remanente líquido de tesourería existente ao 31/12/2012.

Con este refinanciamento aliviaríase a excesiva carga financeira que se debe soportar nos exercicios 2013 e 2014 e dotar dunha maior liquidez á tesourería municipal, posto que o concello tivo que adiantar o pago de investimentos realizados con subvencións doutros organismos e cuxo ingreso se demora no tempo e por outro lado permitirá cancelar adecuadamente as pólizas de crédito actualmente activas e reestruturar o risco dun xeito máis eficiente.

A Presidencia di que se se trata dunha operación de refinanciamento da débeda para obter liquidez e diluír a amortización, que aínda así a finais de ano baixase a débeda bancaria en 70.000 euros.

O Sr. Pose do BNG di que vai absterse, pero o feito de incidir no endebedamento a longo prazo cre que é un erro estratéxico.

Posto a votación o citado acordo apróbase con sete votos a favor do PP e TEGA e seis abstencións do PSdG-PSOE e BNG.

4º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP para rexeitar calquera tipo de accións ou xustificación do terrorismo.

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Popular, na que se expón que dende o ano 2008 Galicia está a padecer violentos actos de terrorismo, cuxa autoría a banda Resistencia Galega ten reivindicando en varios casos, entre eles múltiples atentados consistentes na colocación e detonación de diversos artefactos, explosivos e incendiarios en sedes de partidos políticos, organizacións sindicais ou



empresariais, entidades financeiras, empresas, administracións públicas, etc, así como nas vivendas de persoas relacionadas co ámbito xudicial, universitario ou político.

Sinala tamén que os partidos democráticos defenden a dignidade do ser humano e os dereitos e liberdades que lle son inherentes, propugnando a democracia e o estado do dereito como base dunha convivencia en pluralismo, liberdade e igualdade, opoñéndose e condenando o uso da violencia para defender calquera tipo de posicionamento ou postulado político ou ideolóxico, rexeitando calquera tipo de declaración ou acción que lexitime ou xustifique o terrorismo.

Por todo iso solicita a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Manifestamos o noso rexeitamento e condena ao terrorismo, e por suposto o levado a cabo por Resistencia Galega.

2º.- Solidarizámonos coas vítimas destes atentados e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da xustiza dos responsables destes actos.

3º.- Rexeitamos calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos.

O Sr. Lema do PP expón que non vai establecer ningún tipo de debate, posto que consideran que nestes asuntos de terrorismo o fundamental non é o debate entre os partidos democráticos, senón conseguir a maior unidade.

Di que lle consta que todos os que están sentados no pleno e os partidos que representan están en contra do terrorismo e polo tanto o seu grupo espera o apoio de todos.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que se trata dunha moción de partido, descoñecendo a razón última que os levou a presentala neste momento, e a particularización que se fai na mesma sobre un determinado grupo de individuos, dándolle unha relevancia e un protagonismo e unha repercusión mediática e social que non deben ter ao seu xuízo, por iso o seu grupo propón a modificación dos puntos 1º quedando “Manifestamos o noso rexeitamento e condena a todo tipo de terrorismo “ e 2º “solidarizámonos coas vítimas de todos os atentados terroristas...”, e de aceptar as mesmas o seu grupo votaría a favor.

O Sr. Lema di que si se aceptan as modificacións propostas polo PSdG-PSOE.

O Sr. Pose do BNG di que non quere polemizar sobre deste tema, e que o BNG nunha tivo un posicionamento a favor do terrorismo, que traía unha moción alternativa para presentar no pleno que ampliaba os seus acordos, rexeitando calquera tipo de terrorismo.

Despois dun debate entre os grupos o pleno acorda aprobar por unanimidade unha moción conxunta do pleno de Vedra que sería:

1º.- Manifestamos o noso rexeitamento e condena a todo tipo de terrorismo.

2º.- Solidarizámonos cos vítimas dos atentados e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da xustiza dos responsables destes actos



3º.- Rexeitamos calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos.

5º.- Acordo, se procede, sobre creación da Comisión Especial de Seguimento do servizo de axuda no fogar (SAF).

Dáse conta do informe da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día dezaioito de xuño do ano que andamos:

De acordo co establecido no artigo 124.3 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propónse a creación da Comisión Especial de seguimento do servizo de axuda no fogar (SAF).

A Comisión de Asuntos Xerais informa favorablemente a creación da citada comisión, que estará integrada polo grupo de goberno, o grupo maioritario da oposición e á mesma poderá asistir un representante dos demais grupos.

O Sr. Secretario da Corporación di que sería conveniente incrementar o número de membros para garantir o funcionamento da comisión.

O pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a creación da Comisión Especial de seguimento do servizo de axuda no fogar (SAF), que estará integrada polo grupo de goberno, o grupo maioritario da oposición e a mesma poderá asistir un representante dos demais grupos sen voz e voto, debendo designar os grupos un titular e un suplente.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Ás preguntas do BNG a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da sentenza a favor de don Pablo Fragoso di que os custes son un pouco menos da cifra que se cita, e que se intentará recuperar parte deles, pero que en calquera caso, están previsto nos orzamentos municipais.

2º.- Sobre do Miradoiro de Sales, di que se fixeron as xestións para poder responderlle, pero a día da data non recibimos contestación nin dos propietarios nin do colexio de arquitectos, e que tan pronto se teña que se lle dará traslado da mesma.

7º.- Rogos e preguntas.

--O Sr. Cobas do PSdG-PSOE expón que no lugar de Tomonde fixeron obras de canalización da liña telefónica dende a casa de Fernando Negro á de Florencio Seijo, uns 150 m, e pregunta se existe algún convenio con Telefónica para levar a cabo este tipo de obras, porque se poderían beneficiar outros veciños, ou se se trata dunha familia con algún risco, porque de non ser así podería tratarse dun motivo de prevaricación, solicitando a contestación por escrito e con informe do Sr. Secretario sobre da súa legalidade.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



--Dona Lucía González do PSdG-PSOE roga que no entorno de Nande e San Fins se habilite outro colector amarelo, porque os que existen están cheos e trátase dun punto que utiliza moita xente para depositalo lixo.

--O Sr. Alvela de TEGA suxire que ante a vaga de calor que estamos a sufrir , se revise o listado de particulares que dispoñen de tractores e cisternas para que no caso de existir un incendio haxa unha resposta o máis inmediata posible.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e quince minutos.